



## Acta da reunión do xurado do Premio de tradución Plácido Castro 2015 Pontevedra, 23 de xuño de 2016

Reúnese na sede do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, IGADI, o 23 de xuño de 2016 o xurado do Premio de Tradución Plácido Castro na súa décimo quinta convocatoria, correspondente ó ano 2015.

O xurado está composto polos seguintes membros: Sr. D. Xavier Senín (Fundación Plácido Castro), Sr. D. Carlos Arias Iglesias (Xunta de Galicia), Sr. D. Fernando Moreiras (Asociación de Tradutores Galegos), Sr. D. Xosé Antón Palacio Sánchez (Real Academia Galega) e Sr. D. Xulio Ríos Paredes (Director do IGADI), quen actúa en calidade de Secretario do xurado, con voz pero sen voto.

O obxectivo deste premio é destaca-la calidade das traducións dos clásicos da literatura universal que a Biblioteca Virtual BIVIR publica periodicamente na súa páxina web <http://www.bivir.com> nunha iniciativa que pretende a un tempo colaborar no proceso de normalización da lingua do país e contribuír a enriquece-lo universo literario galego mediante a versión dos autores consagrados que escribiron noutras linguas. Este ano, ademais, tamén puideron concorrer outras obras editadas en formato papel e non publicadas en [bivir.com](http://www.bivir.com) remitidas á Fundación a efectos de participar no premio.

Sendo que as bases da convocatoria do premio indican que no fallo do xurado se terán en conta a calidade da tradución galega, a relevancia para o noso sistema cultural da obra traducida, as dificultades intrínsecas da lingua de partida e a súa distancia cultural e a envergadura do proxecto de tradución, o xurado, tras as súas deliberacións, acorda:

1. Expresa-la súa satisfacción polo número de traducións presentadas, un total de trece nesta edición.
2. Outorgarlle o premio Plácido Castro 2015 á tradutora **Marta Dahlgren Thorsell** pola obra *Kallocaína*, de Karin Boye.
3. O xurado destaca o feito de que sexa unha tradución directa do sueco, unha lingua pouco traducida ao galego, feita con mestría, rigor e viveza, trazos habituais no estilo dunha tradutora consolidada e directamente relacionada coa formación de novos profesionais da tradución. Igualmente sinálase que se trata dunha obra actual que conecta á perfección coas novas xeracións de lectores e lectoras.

E para que así conste, asíñase a presente en Pontevedra, a 23 de xuño de 2016.

Xulio Ríos

Xavier Senín

Fernando Moreiras

Xosé Antonio Palacio

Carlos Arias Iglesias